



Guía Docente

Datos Identificativos				
Asignatura (*)	Traballo Fin de Mestrado	Código	2024/25 630519007	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	Anual	Primeiro	Obrigatoria	30
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Construcións e Estruturas Arquitectónicas, Cívís e AeronáuticasDidácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en EducaciónEnxeñaría CivilExpresión Gráfica ArquitectónicaProxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición			
Coordinación	Creus Andrade, Juan Jose	Correo electrónico	juan.creus@udc.es	



Profesorado		Correo electrónico	
	Abelleira Doldán, Miguel A. Agrasar Quiroga, Fernando Ansede Viz, Cristina Margarita Antelo Tudela, Enrique Aragon Fitera, Jorge Bermudez Graiño, Jose Manuel Casares Gallego, Amparo Conde Garcia, Jesus Crespo Gonzalez, Cristobal Creus Andrade, Juan Jose Dominguez Diez, Eloy Rafael Dominguez Diez, Javier Faustino Fernández-Albalat Ruiz, Andrés Fuertes Dopico, Óscar Gallego Picard, Pablo Garitaonaindia De Vera, Jose R Hermo Sanchez, Victor Manuel Liñares Méndez, Patricia Llamazares Castro, Jesus López César, Isaac Martín Gutiérrez, Emilio Martínez González, Carlos Meijide Tomas, Jorge Vicente Muñiz Gomez, Santiago Muñiz Núñez, Patricia Paz Agras, Luz Pérez Rodríguez, Alberte Piñera Manso, Guadalupe Prieto López, Juan Ignacio Quintáns Eiras, Carlos Luis Raya de Blas, Antonio Redondo Porto, Alberto Rey Rey, Juan Ignacio Rodríguez Blanco, Emilio Rodríguez Garcia, Enrique Salgado Suárez, Alfonso Sánchez Iglesias, Santiago Santos VÁzquez, Angeles Seoane González, José Carlos Seoane Prado, Enrique Suárez Riestra, Félix Leandro Vazquez Rodriguez, Jose Antonio Vidal Pérez, Francisco José		miguel.abelleira@udc.es fernando.agrasar@udc.es cristina.ansede@udc.es enrique.antelo@udc.es j.aragon@udc.es jose.bermudez@udc.es amparo.casares@udc.es jesus.conde@udc.es cristobal.crespo@udc.es juan.creus@udc.es eloy.dominguez@udc.es javier.dominguez@udc.es andres.fernandez-albalat@udc.es oscar.fuertes@udc.es pablo.gallego@udc.es j.garitaonaindia@udc.es victor.hermo@udc.es p.linaresm@udc.es j.llamazares@udc.es isaac.lopez@udc.es emilio.martin@udc.es c.martinez.gonzalez@udc.es jorge.meijide@udc.es santiago.muniz@udc.es patricia.muniz@udc.es luz.paz.agras@udc.es alberte.perez@udc.es g.pinera.manso@udc.es juan.prieto1@udc.es carlos.quintans@udc.es antonio.raya@udc.es a.redondo@udc.es j.rey.rey@udc.es emilio.rblanco@udc.es enrique.rodriiguez.garcia@udc.es alfonso.salgado@udc.es santiago.sanchez@udc.es angeles.santos@udc.es carlos.seoane@udc.es enrique.seoane@udc.es felix.suarez@udc.es jose.vazquez@udc.es francisco.vidal@udc.es
Web	https://etsa.udc.es/web/		



Descrición xeral	O Tráballo Fin de Mestrado finaliza a titulación que habilita para o exercicio da profesión de arquitecto. O tema a desenvolver será o iniciado na asignatura Proxectos Avanzados. Trátase de elaborar, presentar e defender un proxecto integral de arquitectura de natureza profesional no que se sinteticen todas as competencias adquiridas na carreira, desenvolvido ata o punto de demostrar suficiencia para determinar a completa execución das obras de edificación sobre as que verse, con cumprimento da regulamentación técnica e administrativa aplicable. Representa a plenitude da adquisición das competencias para o exercicio da profesión regulada de Arquitecto de acordo cos dereitos, atribucións e prerrogativas que as disposicións legais establezan.
-------------------------	--

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe				
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título		
Ao superar este materia, o alumno deberá estar en condicións de afrontar todas as competencias da profesión de arquitecto:		AM1	BM1	CM1
-Elaborar proxectos de calqueira complexidade, nos que se satisfagan adecuadamente as exigencias compositivas, espaciais, técnicas e funcionais inherentes ao deseño arquitectónico, urbanístico e da paisaxe. -Integrar dentro do proceso compositivo y de proxectación arquitectónica a aprendizaxe das asignaturas de perfil tecnolóxico e urbanístico, cunha metodoloxía que permita a aplicación práctica dos contidos teóricos de todas elas nun proxecto de calqueira complexidade.		AM2	BM2	CM3
		AM3	BM3	CM4
		AM4	BM4	CM5
		AM5	BM5	CM6
-Traballar a todas as escalas coas normativa e estándares. A edificación, o conxunto, o barrio, o espacio urbano e a paisaxe, resolvendo proxectos dende a ordenación territorial ata as pezas máis miudas, que permitan unha visión global das circunstancias que conforman as relacións complexas que se dan no contexto do hábitat humano. Tamén, aparecen outros elementos de coñecemento como o traballo de campo e entrevistas cos veciños que impulsan propostas de investigación adaptándose ás necesidades dos seus habitantes. No traballo do taller os proxectos desenvólvense a nivel de proxecto básico e de execución, dende as ideas iniciais ata a elaboración máis detallada, incluíndo a definición dos seus materiais e a súa construción e a incorporación, deseño e dimensionado de elementos estruturais. Trabállase coas normas implicadas, como a habitabilidade, eliminación de barreiras, os criterios de evacuación, código técnico, normativa urbanística...		AM6	BM6	CM7
		AM7	BM7	CM8
		AM8	BM8	
		AM9		
		AM10		
		AM11		
		AM12		

Contidos	
Temas	Subtemas
Trátase de realizar o Proxecto Fin de Carreira, que se desenvolve nesta materia (TFM), a partir do traballo iniciado na asignatura Proxectos Avanzados (PA). Consiste na elaboración de proxectos que permitan sintetizar capacidades e coñecementos parciais adquiridos no transcurso do proceso formativo, servindo como ensaio xeral para a práctica do oficio de arquitecto. O Proxecto Fin de Carreira será, polo tanto, un exercicio orixinal a presentar e defender ante o Tribunal, e consistirá nun proxecto integral de arquitectura de natureza profesional no que se sintetizarán os coñecementos e habilidades adquiridos ao cursar todas as disciplinas da carreira, desenvolvido ata o punto de demostrar aptitude para determinar a completa execución das edificacións sobre as que verse, con cumprimento da regulamentación aplicable. Estarase a o disposto no Regulamento para a elaboración e defensa do Proxecto Fin de Carreira aprobado polos órganos de goberno.	Os temas serán os propostos na asignatura Proxectos Avanzados para cada un dos grupos de taller de arquitectura. As condicións de redacción, contidos, presentación, composición dos Tribunais e demais características do Proxecto Fin de Carreira estarán recollidas no citado Regulamento.



Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	20	26	46
Análise de fontes documentais	A5 A8 A9 A10 A11 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	1	9	10
Obradoiro	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	215	365.5	580.5
Actividades iniciais	A5 A8 A9 A10 A11 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	5	5	10
Proba obxectiva	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	2	2.5	4.5
Esquemas	A5 A8 A9 A10 A11 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	1	4	5
Discusión dirixida	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	46	28.98	74.98
Saídas de campo	A5 A8 A9 A10 A11 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	4	0	4
Eventos científicos e/ou divulgativos	B2 B4 B6 C1 C5 C8	4	0	4
Lecturas	A5 A8 A9 A10 A11 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	1	9	10
Atención personalizada		1.02	0	1.02

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A sesión maxistral é tamén coñecida como conferencia, método expositivo ou lección maxistral. Esta última modalidade adóitase reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.
Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/o bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, revistas, planos históricos e actuais, textos etc.)/ etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación de estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como sínteses.
Obradoiro	Obradoiro de arquitectura: Modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes nos que se introducen coñecementos de diversas materias, sempre ao redor dun proxecto arquitectónico, onde se poden combinar diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas etc.)/ etc.) a través da que o alumnado desenvolve tarefas prácticas sobre un tema específico, co apoio e supervisión do profesorado das materias implicadas.
Actividades iniciais	Actividades que levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/o motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativas, que partan dos coñecementos previos.
Proba obxectiva	Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. Constitúe un instrumento de medida, elaborado rigorosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia etc. É de aplicación tanto para a avaliación diagnóstica, formativa como aditiva. A proba obxectiva pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/o de asociación. Tamén se pode construír cun só tipo dalgunha destas preguntas.
Esquemas	Consiste nunha síntese dos principais contidos traballados. É un recurso óptimo para facilitar a comprensión da realidade e/o texto e a concentración persoal sobre o material obxecto de estudo. É tamén unha axuda importante para o repaso e a preparación de exames.
Discusión dirixida	Técnica de dinámica de grupos na que os membros dun grupo discuten de forma libre, informal e espontánea sobre un tema, aínda que poden estar coordinados por un moderador.
Saídas de campo	Actividades desenvolvidas nun contexto externo á contorna académica universitario (empresas, institucións, organismos, monumentos etc.)/ etc.) relacionadas co ámbito de estudo da materia. Estas actividades céntranse no desenvolvemento das capacidades relacionadas coa observación directa e sistemática, a recollida de información, a execución de esbozo, fotografías, bosquejos, deseños etc.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Como parte dos contidos promovidos dentro da materia, realizaranse actividades por parte do alumnado que implican a súa asistencia ou participación en eventos científicos ou divulgativos (congresos, xornadas, simposios, cursos, seminarios, conferencias, exposicións, etc.) co obxectivo de profundizar no coñecemento dos temas de estudio relacionados coa materia. Ademais, o alumnado deberá preparar o material síntese do seu traballo realizado na materia para a súa publicación ou exposición pública, nos termos indicados polo profesorado da materia.
Lecturas	Son un conxunto de textos e documentación escrita que constitúen unha fonte de profundización nos contidos traballados.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------



Discusión dirixida Proba obxectiva Obradoiro	<p>O alumno recibe atención personalizada concernente ao traballo que está a desenvolver no Taller, a través dos profesores do grupo ao que fose asignado. No Taller terá a posibilidade de comentar e obter revisións críticas por parte dos profesores dos demais grupos e materias, para poder contrastar opinións e criterios e confrontalos cos propios.</p> <p>O traballo do alumno será obxecto de revisións personalizadas, para observar a súa evolución e constatar a súa autoría.</p>
--	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	<p>Defensa, unha vez obtidos todos os créditos de grao e máster, dun exercicio orixinal realizado individualmente, ante un tribunal universitario no que deberá incluírse polo menos un profesional de recoñecido prestixio proposto polas organizacións profesionais.</p> <p>A sesión pública da presentación e defensa ante un tribunal universitario consistirá na exposición por parte do estudante do proxecto realizado. O tempo de exposición será fixado polo tribunal.</p> <p>Unha vez terminada a exposición pública, os membros do tribunal poderán solicitar ao estudante as aclaracións que estimen oportunas e xustificarán a súa avaliación. O tribunal cualificará ao aspirante coa nota de matrícula de honra, sobresaliente, notable, ou aprobado, engadindo a cualificación numérica. Esta cualificación anotarase no acta e será incorporada ao expediente do estudante.</p>	50
Obradoiro	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	<p>Considera a asistencia e participación do alumno na docencia presencial, a realización e exposición, no seu caso, dos traballos non presenciais e os desenvolvidos en taller. Os profesores do taller emiten un informe, a petición do estudante, sobre o traballo realizado que, unicamente en caso de ser favorable, permitirá a defensa ante o tribunal universitario. O informe reflectirá de forma detallada o seguimento efectuado, os posibles incidentes que tivesen lugar e todos aqueles aspectos que se consideren relevantes para a cualificación do traballo. Será asinado por polo menos dous dos profesores do taller de PFC, sendo un deles pertencente ao módulo proyectual e outro ao módulo técnico.</p> <p>Esíxese a asistencia ao 80% das sesións do obradoiro e das sesións expositivas.</p> <p>A valoración do proxecto realizado no taller non se restrinxe aos contidos, tamén, conséntase a autoría da mesma.</p>	50

Observacións avaliación



Todos os estudantes de TFM debe realizar o seu traballo de xeito presencial nun obradoiro de PFC, cunha asistencia mínima do 80% tanto para as sesións de obradoiro como para as sesións expositivas correspondentes.

A presentación e defensa do TFM ante o tribunal é obrigatoria.

Medidas de dedicación para o alumnado a tempo parcial: non se contemplan, debido a que se trata dunha materia na que o taller é a metodoloxía fundamental.

Dispensa académica: non se contempla, debido a que se trata dunha materia na que o taller é a metodoloxía fundamental.

A avaliación da práctica obrigatoria non se limita aos contidos, ademais, indícase a autoría da mesma.

A detección de plaxio, así como a realización fraudulenta de probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a calificación de suspenso "0" na materia na convocatoria correspondente, invalidando así calquera calificación obtida en todas as actividades de avaliación de cara á convocatoria extraordinaria.

Fontes de información

Bibliografía básica

- Norberg- Schulz, Christian (1967). Intenciones en arquitectura. Barcelona: GG
 - QUARONI, Ludovico (1980). Proyectar un edificio: ocho lecciones de arquitectura. Madrid: Xarait
 - Pallasmaa, Juhani (2012). La mano que piensa. Barcelona: GG
 - Zumthor, Peter (2009). Pensar la arquitectura. Barcelona: GG
 - Hertzberger, Herman (2016). Lessons for students in architecture. Rotterdam: Nai010
 - Ian MacHarg (2000). Proyectar con la naturaleza. Barcelona: GG
 - Gali Izard, Teresa (2005). Los mismos paisajes: Ideas e interpretaciones. Barcelona: GG
 - RAHM, Philippe (2009). Architecture météorologique. Paris: Archibooks
 - Banham, Reyner (1975). La arquitectura del entorno bien climatizado. Buenos Aires: Infinito
 - Olgay, Viktor (1998). Arquitectura y clima: Manual de diseño bioclimático para arquitectos y urbanistas. Barcelona: GG
 - Alexander, Christopher (1980). Un lenguaje de patrones. Barcelona: Gustavi Gili
 - SOLÁ-MORALES, Manuel de (1997). Las formas de crecimiento urbano. Barcelona: UPC
 - DEPLAZES, Andrea (2010). Construir la arquitectura. Barcelona: GG
 - PARICIO, Ignacio (1995). La construcción de la arquitectura 2. Los elementos.. Barcelona: ITeC
 - TORROJA, Eduardo (2004). Razón y ser de tipos estructurales. Madrid: CSIC
 - Habraken, N.J. (1979). El diseño de soportes. Barcelona: Gustavi Gili
 - ENGEL, Heino (2009). Sistemas de estructuras. Barcelona: GG
 - VVAA (2017). CTE - Código Técnico de la Edificación. Madrid: Ministerio de Fomento
 - AAVV CSCAE (). Manuales y programas. CSCAE
 - VVAA (2010). Decreto 29/2010 Habitabilidad de Viviendas en Galicia. DOGA 18 marzo 2010
- Aparte de estas entradas bibliográficas, cada ano a asignatura incorpora bibliografías específicas, que serán suxeridas ós estudantes.

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Todo PFC estará codirixido por dous profesores arquitectos da ETSAC adscritos ao Máster, necesariamente un deles estará integrado nas áreas de Proxectos, Composición e Urbanismo e, o segundo, nas áreas de Construción e Estruturas. Para solicitar a presentación e defensa do PFC, o estudante debe de cumprir simultaneamente as seguintes condicións: Ter superado o resto dos créditos necesarios para a obtención do título. A tales efectos a administración do centro comprobará o cumprimento deste requisito. Contar co informe de autorización do obradoiro de PFC para a súa defensa, que será tramitada polos codirectores.



(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías